



CONCELLO DE
ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



ANUNCIO DE CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUN/HA PEÓN/A, PARA VARREDOR DE LIMPEZA VIARIA NA MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA DE INTERESE SOCIAL.

Por decreto nº 806/2025 de data 03/11/2025 aprobáronse as seguinte bases e convocatoria:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUN/HA PEÓN/A, PARA VARREDOR DE LIMPEZA VIARIA NA MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA DE INTERESE SOCIAL

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal dun/ha peón/a para realización de tarefas de Varredor, mediante oposición, tendo en conta os requisitos e criterios establecidos na ORDE do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z).

Esta contratación realizarase na modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interés social.

2.- DURACIÓN.

A duración do contrato será de 9 meses a contar dende a formalización do contrato.

3.- XORNADA DE TRABALLO.

A xornada de traballo será de trinta e sete horas e media (37,5) semanais.

4.- FUNCIONES.

- Realizar as tarefas necesarias para manter limpa a vía pública
- Varrido de vías públicas utilizando as ferramentas propias para a realización do servizo, incluíndo a máquina varredora e escobas de aire. Será o responsable de manter limpas as rúas, beirarrúas, escadas, prazas, parques, calzadas, cunetas e demais partes da vía pública.
- Conducir a máquina varredora ou aspiradora pola ruta establecida mantendo a limpeza das zonas asignadas, debendo respectar en todo momento as normas de circulación.
- Manter en bo estado de conservación e limpeza a máquina varredora, deixando constancia da súa realización e dos defectos e incendias atopadas.
- Cambio de cepillos e filtros de aire da varredora
- Lavar e engraxar a máquina ao final da xornada laboral
- Controlar os niveis de auga, aceite, hidráulico, cepillos e todo o relacionado coamáquina varredora de acordo coas instrucións destas
- Mantemento da aspiradora: filtros, batería e todo o relacionado con esta.
- Encher o depósito de combustible



**CONCELLO DE
ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



- Cargar baterías das máquinas
- Subministrar información sobre as tarefas realizadas
- Subministrar información que requira o Concello sobre a xestión do servizo
- Cumprimentar os partes que se lle requiran
- Ante sinistros, golpes ou calquera outra incidencia o varredor ou condutor varredor debe cumprimentar un parte de accidentes reflectindo o sucedido e comunicalo á persoa designada polo Concello coa maior brevidade posible
- Baleirado e recollida de restos das vasoiras.
- Responder, vixiar e coidar os seus útiles e maquinaria de traballo
- Revisar cada día o estado do material e maquinaria
- Avisar de calquera defecto que observe na vía pública e no mobiliario urbano
- Tarefas de mangueo si lle son requiridas
- Realizar calquera outra tarefa que se lle encomenden, acordes coa cualificación requirida para o desempeño do posto e que estean relacionadas coas funcións de mantemento da limpeza da vía pública.

5.- RETRIBUCIÓN SALARIAIS MENSUAIS ÍNTEGRAS.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato temporal vencellado a programas de políticas activas de emprego, a xornada completa, e coa duración de 9 meses a contar dende a formalización do contrato.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

As retribucións serán de 1.636, 82 euros brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extras (base: 1.402,99 €/mes; prorrate de extras 233, 83 €/mes).

6.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

-Ter feitos os 18 anos e non superar a idade máxima que estableza a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil, de conformidade co artigo 97.c) da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

– Ser desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

– Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, para ser beneficiarias desta medida, as persoas mozas deberán constar como inscritas e beneficiarias no ficheiro do SNGX, así como cumprir os requisitos de non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior ao momento de recibir a actuación, en coherencia co disposto no artigo 105.1 da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, modificada polo Real decreto lei 6/2016, do 23 de decembro, e polo Real decreto lei 8/2019, do 8 de marzo.-

f) Coñecemento da lingua galega.

7.- PUBLICIDADE.



**CONCELLO DE
ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



O Concello de Arzúa dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/>

Todos os anuncios do proceso de selección faranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica. <https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/>

Aos efectos de dar cumprimento ao sinalado no artigo 29 da citada ORDE do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z), observárase o previsto para levar a cabo unha preselección dos traballadores e traballadoras interesados/as en participar neste procedemento de selección.

O Concello solicitará as persoas traballadoras mozas que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na correspondente oficina pública de emprego de Galicia, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas mozas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, deberá presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO) a 4 díxitos. A oferta na súa formulación non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación.

Para a presentación de oferta ante a oficina de emprego seguirase o seguinte proceso:

- a) As ofertas achegaranse, necesariamente, a través de medios telemáticos (sede electrónica da Xunta de Galicia ou por correo electrónico). Presentarase unha oferta de emprego por cada categoría profesional que se demanda e xuntarase tamén a resolución de concesión.
- b) Recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de persoas demandantes en función das características da oferta, atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando un número de persoas candidatas por posto de traballo, que non poderá ser, sempre que sexa posible, inferior a dúas nin superior a dez.
- c) A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade beneficiaria xustifique documentalmente a súa necesidade, por incumprimento dos requisitos da oferta, por rexeitamento voluntario por escrito ou incomparecencia das remitidas.
- d) No suposto de que as entidades beneficiarias non consigan cubrir algún dos postos de traballo concedidos, poderán substituílo por outro CNO dentro do mesmo grupo de cotización ao inicialmente concedido.
- e) A selección definitiva das persoas candidatas deberá ser notificada pola entidade beneficiaria á correspondente oficina de emprego, que comprobará a inscrición como demandante de emprego e a situación laboral de non ocupada da persoa ou persoas seleccionadas, e proporcionará á entidade beneficiaria un código identificador da oferta, que empregará na comunicación obrigatoria da contratación a través da aplicación Contrat@.

8.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. alcalde, segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, no Rexistro do Concello, ou sede electrónica municipal, así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **3 días hábiles** a contar desde o seguinte ao da publicación de anuncio na sede electrónica municipal de apertura de prazo de presentación de instancias acordado por decreto do Alcalde tras recepción de candidatos/as propostos/as polo INEM.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada, xunto cunha copia de toda a documentación que acheguen coa solicitude, á seguinte dirección de correo electrónico: correo@concellodearzua.com, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI ou documento equivalente de identificación
- 2) Declaración xurada do Anexo II
- 3) Fotocopia da tarxeta xustificativa de ser demandante de emprego no Servizo Galego de Colocación.
- 4) De ser o caso, para acreditar o coñecemento do galego, certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

Os/as aspirantes que non podan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditalo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio (sendo valorada como apto/a ou non apto/a) que terá lugar antes da valoración da proba de oposición práctica. A non aptitude impedirá seguir no proceso selectivo. Dita proba consistirá nunha entrevista en galego respecto da cal o tribunal poderá solicitar asistencia de asesoría con voz e sen voto para a preparación, realización e valoración da proba de galego.

A documentación antedita poderá presentarse en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de Arzúa cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as accións oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

9.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-presidente ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Arzúa.

As persoas aspirantes disporán de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no taboleiro de anuncios do concello para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que non houbera ningún aspirante excluído, ou no caso de que non se presentasen reclamacións ou emendas, entenderase como lista definitiva.

Rematado o prazo de subsanación, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas nas probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica, así como o nomeamento das persoas que constituirán o Tribunal Cualificador, e a data de reunión da Comisión seleccionadora para a realización da proba de galego no seu caso e proba práctica oposición. (deberá de anunciarse o taboleiro de anuncios do concello con 48 horas de antelación).

10.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A súa composición será a fixada en decreto da Alcaldía con lista definitiva de admitidos e no seu caso excluídos do proceso de selección.

A Comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público; que deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen.



CONCELLO DE
ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



De todas as reunións que faga a comisión o/a secretario/a redactará acta. Todos os membros que se designen para formar parte da comisión seleccionadora actuarán con voz e voto. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a da Comisión.

Os membros da comisión absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

A Comisión resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

Os membros concorrentes ás sesións da comisión e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O alcalde, vista a proposta da comisión, procederá á ditar a Resolución correspondente que aprobará as contratacións.

11.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de oposición cunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo (desbroce, uso e mantemento de maquinaria e ferramenta, medidas de seguridade ..) . A comisión seleccionadora poderá durante a realización da proba práctica de oposición realizar preguntas relacionadas coas funcións (as mesmas para todos os /as aspirantes) para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

A proba terá unha valoración de 0 a 10 puntos debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para entender que está superada .

Motivarase a puntuación en :

- a) nivel de coñecementos amosados 5 puntos
- b) axilidade e destreza na realización da proba 5 puntos .

O día de celebración e hora será publicado no taboleiro de anuncios do concello cando se publique a lista definitiva de admitidos. A puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes na proba práctica, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal a relación de aprobados por orde de puntuación e presentará a proposta do/a candidato/a que obtivese maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas.

12. CUALIFICACIÓN FINAL, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A cualificación final das persoas aspirantes será a puntuación obtida na proba práctica, sempre e cando alcancen a puntuación mínima 5 puntos, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

No caso de empate nas puntuacións totais finais de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego, e si aínda así persistira o empate
- 2.º. Maior antigüidade en situación de desemprego.

O Tribunal, despois da cualificación das persoas aspirantes, publicará a lista coas puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios da sede electrónica, elevando a proposta de contratación ao alcalde-presidente segundo a orde de puntuación.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que a do posto convocado.



CONCELLO DE
ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta ao Sr. alcalde-presidente para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acaden a puntuación mínima.

Confeccionarase unha lista de reserva coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron proposta de contratación, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do programa.

A persoa aspirante seleccionada, previamente á súa contratación, no prazo de dous (3) días hábiles dende a publicación da súa proposta de contratación, deberán aportar a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte segundo a lista de puntuación.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións a desempeñar neste posto.

Logo de formalizada a proposta do tribunal e achegada a documentación pola persoa seleccionada, a Alcaldía ditará resolución de contratación da persoa proposta e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo.

13. RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

A persoa aspirante proposta, desde a súa contratación, quedará sometida ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia, segundo a regulación establecida na Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

14. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Respectarase o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados a efectos de dar a publicidade esixida no relativo ao procedemento de selección

15. RÉXIME XURÍDICO.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico



**CONCELLO DE
ARZÚA**

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



do Sector Público, Lei 3/2023 do 28 de febreiro de emprego (Disposición adicional novena) e demais lexislación vixente que sexa de aplicación. Orde de 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025(DOGA nº 50 de data 13.03.2025).

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá o desenvolvemento do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

16. RECURSOS.

Contra o acto de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que aprobou as seguintes bases (Xunta de Goberno Local), en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación.

Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en
_____ con nº de teléfono
_____/_____ e correo electrónico
_____ declaro coñecer e aceptar as

bases para participar no proceso de selección para a contratación laboral temporal, mediante o sistema de oposición , dun peón varredor, tendo en conta os requisitos e criterios establecidos na Orde ORDE do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (Dog nº 160 de 22 agosto de 2025).

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resulto/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección acompañando a presente solicitude copias da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI ou documento equivalente de identificación
- 2) Declaración xurada do Anexo II
- 3) Fotocopia da tarxeta xustificativa de ser demandante de emprego no Servizo Galego de Colocación.
- 4) De ser o caso, para acreditar o coñecemento do galego, certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola



CONCELLO DE
ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

A/A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en
_____ con nº de teléfono
_____/_____ e correo electrónico

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.– Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos na bases da presente convocatoria.

Segundo.– Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro.– Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, no expediente de selección de persoal laboral temporal do Concello de Arzúa, ao abeiro da Orde do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (DOGA nº 160 de data 22.08.2025) para a praza de peón/peoa varredor/a.

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

A/A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA



CONCELLO DE
ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00



ARZÚA, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Alcalde - Presidente

Asdo.- XOAN XESUS CARRIL RAMOS